

Prazas nos CFR e CAFI

CENTRO	prazas	observacións
CAFI	19	Atención a centros (4), Formación, innovación e internacionalización (2), Educación dixital (5), Linguas (2), Equipos directivos (1), Convivencia e inclusión (2), Aula Nova (2), Coordinación e actividades centralizadas (1).
CFR A CORUÑA	8	Lingüística e Social (2), Linguas estranxeiras, Científico tecnolóxica, Infantil e Primaria, Artístico deportivo, Educación dixital, Organización escolar.
CFR FERROL	3	Infantil e Primaria, Artístico deportivo, Dirección CFR
CFR LUGO	4	Lingüística e Social, Linguas estranxeiras, Organización escolar, Dirección CFR
CFR LUGO - BURELA	1	Científico tecnolóxica
CFR LUGO - MONFORTE	1	Infantil e Primaria
CFR OURENSE	2	Linguas estranxeiras, Dirección CFR
CFR OURENSE - VERÍN	1	Infantil e Primaria
CFR OURENSE - O BARCO	1	Educación dixital
CFR PONTEVEDRA	5	Lingüística e Social, Linguas estranxeiras, Científico tecnolóxica, Educación dixital, Organización escolar.
CFR PONTEVEDRA - LALÍN	1	Infantil e Primaria
CFR VIGO	8	Lingüística e Social, Infantil e Primaria, Educación dixital (3), Organización escolar, Dirección CFR.
total	54	

Solicitamos unha listaxe actualizada das persoas que actualmente teñen un posto no CAFI ou nos CFR para poder comprobar que se cobren as necesidades. **A administración di que será remitido este listado ás organizacións sindicais.**

Froito dun debate na mesa sobre quen pode participar nesta convocatoria, a CIG-Ensino defendeu que só poidan optar as estas prazas o persoal que ten destino ou está desempeñando o seu traballo en Galiza, **a administración acéptao.**

Volvemos **solicitar que se cren prazas nos diferentes CFR relacionadas coa normalización e dinamización lingüística.** Os datos actuais, logo de dez anos de vixencia do Decreto de Plurilingüismo ofrecen un panorama moi preocupante e un posto destas características podería servir para dinamizar e coordinar actuacións transversais de promoción da nosa lingua nos centros.

Tamén consideramos que asesorías como as “artístico-deportivas” e “lingüístico-social” deberían desdobrarse.

Nas prazas de Linguas estranxeiras ábrese a todas as especialidades, o que nos parece correcto, mais indícase que hai que ter un nivel B2 de Inglés, o que parece contraditorio.

A CIG-Ensino considera que é necesaria a **publicación dos criterios de avaliación anual** para saber se a persoa asesora vai continuar ou non no seu posto. **A decisión de renovación non pode ser arbitraria** nin estar supeditada á mera opinión dos responsábeis políticos da Consellaría, evitando situacións como as non renovacións do ano 2021 no que as persoas cesadas o descoñeceron até a publicación das vacantes. **A Consellaría comunícanos que este ano non houbo ningunha avaliación negativa.**

Insistimos en que debe existir unha listaxe para cubrir necesidades por prazas que queden vacantes e deban ser cubertas, conformada por persoas que non acadaron praza ou, se é o caso, pola apertura dunha listaxe nova

Os **proxectos** son puntuados en exceso e consideramos que se debe reducir a nota mínima. Esiximos a mención explícita dos criterios de avaliación que se aplicarán neses proxectos, o profesorado aspirante verase favorecido á hora de elaboralos.

Demandamos que a comisión teña a obriga de **achegar información ás persoas aspirantes**, se así se lle require, sobre a valoración do proxecto.

A CIG-Ensino considera que, en calquera caso, os proxectos deben ser presentados en lingua galega.

Non estamos de acordo co **perfil das persoas que compoñen a comisión** e demandamos que sexamos convocados a todas as **reunións da subcomisión.**

Consideramos que **a entrevista debe eliminarse**. De se manter, en contra do noso criterio, debe existir unha rúbrica para reducir a marxe de discrecionalidade e facerse a todo o persoal que opte ás prazas. **A administración di que publicará esta rúbrica, e que de facer a entrevista será a todo o persoal.**

Consideramos que os **criterios de desempate** deben seguir a seguinte orde: antigüidade, formación e finalmente o proxecto. Na convocatorias, aparece en primeira instancia a entrevista, o que favorece a subxectividade no momento de decantarse por unha persoa ou outra para unha praza determinada.

A redacción do artigo 2 (**requisitos de participación**) non é acorde coa normativa europea que a Consellaría vén cumprindo desde hai anos: os cinco anos de servizos prestados para poder acceder á dirección dun CFR ou o ano para unha asesoría dun CFR ou do CAFI non teñen que ser como funcionariado de carreira. **A Consellaría di que é un erro, que vai computar o tempo como funcionario interino.**

Modelo de competencias profesionais. As competencias do Anexo IV están acomodadas á nova terminoloxía mais no documento de “Perfil do Asesor” aínda figura a terminoloxía vella, que debe actualizarse para evitar confusións.

Perfil e requisitos

Aínda que neste ano se unificou baixo a denominación “perfil e requisitos” mantense a confusión. Como tamén propoñemos na orde de Asesorías, deberían diferenciarse os perfís do que é puramente requisito.

O nivel de subxectividade é moi elevado. Como se vai medir a “alta capacidade de xestión” ou que significará para a comisión ser “flexíbel en actividades multitarefa”.